

REGULAMENTO "X CARREIRA SOLIDARIA SAN SILVESTRE 2021"

A X edición da carreira solidaria San Silvestre, organizada polo Concello de Salceda de Caselas, celebrarase o xoves día 30 de Decembro de 2021.

Carreira con póliza de responsabilidade civil **número 36260062**, e seguro de **accidentes deportivos para colectivos MAPFRE** para tódolos/as participantes debidamente inscritos na proba.

Regulamento xeral

1.- A saída da Carreira para tódalas categorías darase na Praza do Concello ás 21:30 horas, quedando a liña de meta situada na praza do Concello.

2.- O percorrido será polo casco urbán, cunha distancia de 3.000 metros.

3.- O prazo de inscrición finalizará o Martes día 28 de Decembro as 24:00 h, e as inscricións realizaranse a través da páxina web (<https://www.deportosalceda.gal/inscripcion-x-san-silvestre-solidaria>), facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.

4.- A recollida de dorsais será o xoves día 30 de Decembro de 19:00 a 21:00 horas no hall do autidorio municipal.

5.- Premios: Trofeo para o/a primeiro/a clasificado/a.
-Agasallo a persoa de máis idade e o neno/a de menor idade.
-Sorteo dun agasallo entre tódolos dorsais que estén presentes na entrega de premios.

6.- Dado o carácter deportivo é popular non se admitirán reclamacións. **A organización resérvase o dereito a modificar este regulamento si as circunstancias así o aconsellan (informando oportunamente, sendo as súas decisións, inapelables.**

7.- Todos/as os/as participantes, polo feito de tomar a saída na Carreira, **aceptan o presente Regulamento**, e da dereito á organización para poder facer uso das imaxes do evento para a súa difusión e publicidade. No caso de dúbida ou de surtir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.

8.- Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá optar aos trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba. Calquera corredor/a con problemas médicos (alerxia, atencións especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.